

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen
Torres Romay, Emma

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Cid Vera, Luis Saúl
Couto Cancela, Daniel
Diz Folgar, Manuel
González López, Raquel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

Cebro Rodríguez, Xoán
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Ferreiro Vázquez, Óscar
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier

INVITADO

Collazo Rodríguez, Joaquín

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 21 de decembro de 2020, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 21 de decembro de 2020 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de dirección asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)
- Nas quendas de palabra.

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- Proposta de aprobación por asentimento
- Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)
- Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento
- Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado
- Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de novembro de 2020.

Non habéndose presentado alegacións a acta en tempo e forma, apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- Presentación da “Aula Boeing” na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo do Campus de Ourense.
- Toma de posesión dos novos/as Catedráticos/as de Universidade e Titulares de Universidade.
- Consello Reitor do IISGS.
- Celebración dunhas xornadas na Facultade de CC. Económicas e Empresariais do Campus de Vigo.
- Celebración dunha xuntanza coa Conselleira de Medio Ambiente.
- Celebración do Workshop “Sociedade Dixital e Xénero: Hackeando ao Patriarcado” da Cátedra de Feminismos.
- Na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, abordouse unha campaña para o uso do galego na Universidade e reivindicáronse as axudas económicas para as titulacións impartidas en galego.
- Na acreditación de centros singulares, acreditáronse o CIM o CINBIO e AtlanTTIC.
- Entrega dos premios Galileo-Máster. O reitor sinala en que consiste o premio.
- Informa asemade da celebración de sendos Consellos de Campus en Ourense e Pontevedra e da celebración do Consello Galego de Universidades, no que se informou do estado das titulacións.
- O grupo Laser-on da Uvigo recibiu o galardón William M. Steen Award, primeiro premio do LIA (Laser Institute of America).
- En canto á comisión do Plan estratéxico, déuselle o visto bo ós cambios:
 - Nova redacción de antecedentes para elevar ó Claustro
 - Eliminación de puntos redundantes
 - Corrección de erros detectados
 - Visto e praxe ás transaccións realizadas cos membros da comunidade universitaria que presentaron propostas (tódalas propostas atoparon acollida no novo texto, con acordo dos propoñentes).
- Na mesa de PDI, chegaronse a acordos en varios temas, algún xa ven na orde do día deste Consello. Lembramos que ante un acordo que veña da mesa de negociación, o Consello de Goberno procederá a ratificalo ou a rexeitalo, pero non se pode modificar (agás cambios formais ou erros manifestos na proposta).
- 4 novos proxectos internacionais, dous deles coordinados por profesores da Uvigo, chegando á nosa Universidade un total de 1.670.000 euros non contemplados no informe

de fin de ano do Claustro. Os grupos que acadaron estes éxitos irán presentando as propostas gañadoras ante os medios en breve.

- Celebrouse o Comité de Dirección do Campus da Auga, en Ourense.
- Celebrouse o Concerto de Nadal.
- Entregáronse os premios do Consello Social UVigo Humana.
- A OPE de PDI inclúe o número máximo de prazas posibles, aclarando que este ano non se pode utilizar o 108% da taxa de reposición:
 - 32 baixas (8 XF, 12 XV, 1 X-Lab, 1 EV, 2 IP, 1 Fal., 7 TU).
 - 32 prazas de titular de universidade: 5 para investigadores/as (15 %).
 - 32 prazas de catedrático/a de universidade: Baleiran a bolsa.

Non hai preguntas.

3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2021.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía, que indica en que consiste o teito de gasto e que a proposta do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2021 é manter o mesmo que en 2020 (196.138.842,49 euros), debendo reducirse respecto do máximo permitido pola Xunta de Galicia.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2021.

Tras indicar que a aprobación definitiva corresponde ao Consello Social, e que foron positivamente informados polo claustro por asentimento, o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía, quen divide a súa exposición do seguinte xeito:

I. LIÑAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN.

1. O escenario orzamentario. Condicionantes económicos e legais:

O Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 foi prorrogado tacitamente.

Lexislación de carácter xenérico para o sector público autonómico e estatal ou para o ámbito universitario:

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Condicionantes económicos e legais:

- Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 prorrogado tacitamente.

2. Evolución económico-financieira da Universidade de Vigo.

- Mantemento do equilibrio orzamentario a longo do ciclo económico desde 2012.
- A incentivación da captación de recursos en fontes non tradicionais para manter e incrementar a actividade en diferentes eidos universitarios.
- Cumprimento dos prazos legais para facer fronte aos pagamentos.
- Emprego do remanente de tesouraría para financiar os pagamentos derivados dos gastos.


3. O Plan galego de financiamento universitario 2016-2020.

II. ORZAMENTOS 2021.

1. INGRESOS.

O vicerreitor aclara certas novas publicadas nos medios de comunicación en torno a unha eventual caída de ingresos, debida en realidade a que aínda non se efectuaron certas convocatorias nas que se prevé obter fondos. Expón os seguintes cadros que vai detallando sucesivamente.

Evolución Orzamentos 2012-2021



CAPÍTULO	2020	2021	% 21/20
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.969.500	16.884.500	-6,04%
IV Transferencias correntes	129.025.291	129.685.932	0,51%
V Ingresos patrimoniais	255.000	233.000	-8,63%
Ingresos correntes	147.249.791	146.803.432	-0,30%
VI Enaxenación de investimentos reais	400.000	400.000	0,00%
VII Transferencias de capital	39.043.937	22.108.888	-43,37%
VIII Variación de activos financeiros	8.302.109	15.328.592	84,63%



UNIVERSIDADE
DE VIGO

IX Variación de pasivos financeiros	0	0	0,00%
Ingresos de capital	47.746.046	37.837.480	-20,75%
TOTAIS	194.995.837	184.640.912	-5,31%

CAPÍTULO	2020	2021	EVOLUCIÓN
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	9,22%	9,14%	
IV Transferencias correntes	66,17%	70,24%	
V Ingresos patrimoniais	0,13%	0,13%	
VI Enaxenación de Inversións reais	0,21%	0,22%	
VII Transferencias de capital	20,02%	11,97%	
VIII Variación de activos financeiros	4,26%	8,30%	

Resumo por capítulos do ingreso do orzamento ORZAMENTO 2021

Capítulo ingresos	de Afectado	Non afectado	Importe total
3	430.000,00 €	16.454.500,00 €	16.884.500,00 €
4	10.517.819,00 €	119.168.113,00 €	129.685.932,00 €
5	- €	233.000,00 €	233.000,00 €
6	- €	400.000,00 €	400.000,00 €
7	13.908.388,00 €	8.200.500,00 €	22.108.888,00 €
8	8.978.533,00 €	6.350.059,00 €	15.328.592,00 €
TOTAL	33.834.740,00 €	150.806.172,00 €	184.640.912,00 €

2. GASTOS.

	Masa salarial	Seguridade social	Total
Santiago de Compostela	139.854 €	21.784 €	161.638 €
A Coruña	88.815 €	13.312 €	102.127 €
Vigo	93.486 €	14.255 €	107.741 €
Total	322.156 €	49.351 €	371.507 €

CAPÍTULO	2020	2021	% 21/20
I Persoal	112.996.556	116.833.700	3,40%
II Gastos correntes	30.860.311	30.712.733	-0,48%
III Gastos financeiros	789.450	789.450	0,00%
IV Transferencias correntes	7.076.396	6.407.864	-9,45%
V Fondos de continxencias	150.000	300.000	100,00%
Operacións correntes	151.872.713	155.043.747	2,09%
VI Investimentos reais	41.883.124	28.307.165	-32,41%
VIII Activos financeiros	140.000	140.000	0,00%
IX Pasivos financeiros	1.100.000	1.150.000	4,55%
Operacións de capital	43.123.124	29.597.165	-31,37%
TOTAIS	194.995.837	184.640.912	-5,31%

CAPÍTULO	2020	2021	EVOLUCIÓN
I Persoal	59,78%	63,28%	p
II Gastos correntes	15,28%	16,63%	p
III Gastos financeiros	0,21%	0,43%	p
IV Transferencias correntes	4,02%	3,47%	q



UNIVERSIDADE
DE VIGO

V Fondos de continxencias	0,11%	0,16%	p
VI Investimentos reais	19,59%	15,33%	q
VIII Activos financeiros	0,08%	0,08%	tu
IX Pasivos financeiros	0,93%	0,62%	q

Resumo por capítulos do gasto do orzamento ORZAMENTO 2021			
Capítulo	Afectado	No afectado	Total
1	6.908.232,00 €	109.925.468,00 €	116.833.700,00 €
2	4.353.751,00 €	26.358.982,00 €	30.712.733,00 €
3	19.450,00 €	770.000,00 €	789.450,00 €
4	2.374.844,00 €	4.033.020,00 €	6.407.864,00 €
5	- €	300.000,00 €	300.000,00 €
6	19.028.463,00 €	9.278.702,00 €	28.307.165,00 €
7		- €	
8	- €	140.000,00 €	140.000,00 €
9	1.150.000,00 €	- €	1.150.000,00 €
TOTAL	33.834.740,00 €	150.806.172,00 €	184.640.912,00 €

Luis Pérez comeza a súa intervención, que vai sobre o capítulo I (gastos de persoal). Pensa que a política de persoal do equipo é asimétrica, entre o PDI e o PAS, xa que se conseguen fondos da Xunta, pero as prazas deben estar dentro da marxe de manobra que temos actualmente. Pensa que o poder adquisitivo do PDI recupérase, pero non así o do PAS. Gustaríalle saber se as liñas do documento de orzamentos en canto á racionalización da RPT ten encaixe coa mesa de negociación. O reitor fai referencia ao programa electoral respecto do PDI e o pagamento dun complemento autonómico que non fora recuperado, e que non había unha proposta semellante respecto do PAS porque non había esta eiva, aínda que entende que existe unha diminución no poder adquisitivo do PAS. Pensa que isto é diferente da negociación da nova RPT, que debería ser posterior á funcionarización, á espera dunha proposta que se presentará esta semana. Aspiramos a que a nova RPT sexa negociada. Estamos abertos a que a nova RPT mellore as condicións de traballo do PAS. Luis Pérez apunta que as vías de promoción entre o PDI e o PAS son diferentes e que no PAS laboral se parte dunha RPT onde a promoción é a postos reais, polo que nunca se poderían cubrir as vacantes coa situación actual. Cre que a funcionarización é inicialmente voluntaria, pero que non escollela non debería ter consecuencias negativas ou discriminatorias. O reitor non está



completamente de acordo, pero estamos a espera de medidas que permitan mellorar a estabilización do PDI e do PAS e, mentres tanto, hai que xogar co que temos.

Emilio Fernández comenta que non houbo moito tempo para analizar o documento, aínda que entende as condicións de incerteza nas que se elaborou. Pensa que é continuista, malia que con certas excepcións. Este ano van absterse e non votarán en contra.

Xoán Cebro concorda con Luis Pérez polo que se refire ao colectivo do PAS e fai referencia a concretas partidas, pensando que a posición é asimétrica respecto do PDI, e distinguindo segundo o PAS laboral e funcionario. Comenta tamén que a promoción interna non é semellante entre o PDI e o PAS. O tema preocupante é a negociación da RPT, dado que a actual foi imposta polo anterior equipo reitoral e que non funciona. Entende que a RPT debe ser negociada con calma, malia que é difícil poñer de acordo a todo o mundo. Tentará de que haxa unha proposta sindical unánime. A funcionalización do PAS finánciase soa. No acordo de 2018 hai uns fondos adicionais que non entran na masa salarial e que poderían utilizarse para melloras. A proposta da parte sindical será realista e asumible polo equipo de goberno, acercándose ás cifras da Xerencia. O equipo de goberno deberá adoptar unha postura e pensa que se pode chegar ao mellor acordo para o PAS e para a institución. O reitor indica que as negociacións non corresponden ao Consello de Goberno, senón á mesa de negociación, e que queda á espera da proposta, que estudará detidamente, pensando nas melloras para as persoas traballadoras da institución. Os acordos que se aproben na mesa de negociación se traerán ao Consello de Goberno, que espera acadar en xaneiro. Xoán Cebro entende que deben aportarse motivacións e argumentos coherentes na negociación, como eles farán na súa proposta.

Procédese á votación:

A favor: 33

En contra: 0

Abstencións: 5

Apróbanse os orzamentos por maioría.

5. Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo para o período 2021-2026.

O reitor comeza detallando os pasos dados para a aprobación do plan estratéxico:

A Universidade de Vigo tivo un plan estratéxico aprobado para o período 2008-2012, o que constituíu unha boa ferramenta para o desenvolvemento da institución. Desde aquela, a pesares do traballo dun comisionado específico para o desenvolvemento do plan estratéxico, non foi posible aprobar un novo documento. Conscientes da importancia de dispor dun plan aprobado que marque prioridade, estableceuse un procedemento a través do Claustro, considerando que os novos Estatutos indican no seu artigo 13 que ten entre outras función “coñecer e debater as liñas estratéxicas, programáticas e orzamentarias da Universidade”.

Os Estatutos aprobáronse por Decreto da Xunta de Galicia o 24 de xaneiro de 2019, trala súa aprobación definitiva polo Claustro. Os traballos do Claustro comezaron o 6 de febreiro de 2019, onde foi aprobado o procedemento, xunto coa proposta de fases e responsables (4 fases: análise,



formulación, validación e aprobación), así como a do comité director. Na sesión ordinaria do claustro do 6 de xuño de 2019 fíxose a elección dos membros da comisión para a elaboración do plan estratéxico (sector PDI-A, 6 vacantes; Sector PDI-B, 2 vacantes; Sector PAS, 2 vacantes; sector alumnado, 2 vacantes), lembrando o reitor quen foron as persoas elixidas. Na sesión do Claustro do 16 de outubro de 2020 foi presentado o informe sobre o estado do plan estratéxico, coa apertura do prazo dun mes para facer achegas.

O reitor cede a palabra a Jacobo Porteiro, que pasa a expoñer as liñas básicas do plan. En canto á motivación, destaca que a posta en marcha dun plan estratéxico para unha institución tan ampla e diversa como a universidade é un traballo de reflexión colectiva de todos os grupos de persoas que conforman a institución e tamén dos axentes sociais próximos a ela. Como parte deste proceso fíxose unha revisión dos obxectivos marcados polo anterior plan estratéxico e do grao de cumprimento acadado, e realizárase unha visión e unha proxección da institución cara ao futuro. A Universidade de Vigo, no seu conxunto, ten a oportunidade, a través deste Plan, de fixar onde e como desexa verse dentro de cinco anos e de definir as políticas e as medidas que deben implantarse para facer dese obxectivo unha realidade.

En canto á metodoloxía, traballouse con base nas seguintes fases:

∅ Fase 1: análise estratéxica (Comité de Dirección)

∅ Fase 2: formulación estratéxica co traballo das Comisións Específicas.

∅ Fase 3: integración e validación (Comité de Dirección)

∅ Fase 4: debate e aprobación (Claustro, Consello de Goberno, Consello Social), que é do que se trata hoxe.

- Para aumentar a participación dos axentes internos e externos, así como para poder cubrir en detalle os diferentes aspectos universitarios, o Comité de Dirección propuxo a creación de tres grupos de traballo ou comisións específicas:

∅ Comisión 1: organización académica, titulacións e internacionalización.

∅ Comisión 2: investigación, transferencia e cooperación internacional.

∅ Comisión 3: infraestruturas, xestión, relación co entorno e sostibilidade.

Na exposición pública, diversos membros da comunidade universitaria presentaron propostas de adición, eliminación e mudanza de partes do plan estratéxico. Negociáronse todas as propostas presentadas, chegando a textos consensuados. O Comité de dirección do plan estratéxico tivo unha derradeira xuntanza na que aprobou a proposta final (que incorpora tódalas propostas presentadas, corrixe algún erro detectado e inclúe, como estaba previsto, os Antecedentes). Entregáronse ós Claustrais tres documentos: a proposta previa, as emendas presentadas e o texto proposto para a votación. O texto da proposta foi finalmente aprobado por asentimento polo Claustro o 6 de decembro do 2020, para a súa elevación posterior ao Consello de Goberno e posterior ratificación polo Consello Social.

Polo que respecta á análise DAFO, abordáronse previamente as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades. A estrutura do plan é a seguinte:

- Recoñecemento
- Motivación e Antecedentes
- Diagnose da situación actual
- Misión e Visión
- Eixes estratéxicos
- Valores e identidade
- Obxectivos, accións e indicadores
- Metodoloxía de Elaboración
- Seguimento do Plan
- Anexos

A misión da Universidade de Vigo, segundo o plan, é contribuír á mellora a vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento. En canto á visión, a UVigo é una institución pública, autónoma, aberta ao contorno e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia. A UVigo persegue este reto mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento, ó tecido socioeconómico e empresarial, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade pluricultural e plurilingüe na que se insire. A UVigo pretende ser unha universidade caracterizada por un goberno transparente e participativo, centrada na satisfacción integral dos estudantes e dos traballadores, a captación de talento e un maior grado de recoñecemento internacional no ámbito das humanidades, o xurídico-social, as ciencias experimentais, as ciencias da saúde e a enxeñaría. Detállanse a continuación os 29 obxectivos que figuran no texto do plan, que foi achegado coa documentación. Fala tamén do mecanismo de seguimento, a través da correspondente comisión que será creada no Consello de Goberno, así como da eventual posibilidade de modificación e actualización do Plan, de ser o caso. Comenta brevemente o contido dos anexos e o glosario.

Emilio Fernández comenta que xa fixo pública a súa opinión sobre o plan, que non é favorable, aínda que pensa que formalmente é impecable o procedemento seguido e agradece asemade o seu traballo a todas as persoas que participaron no plan. Discrepa en para que pode servir un plan estratéxico onde, ademais dos procedementos formais, hai que ter unha actitude proactiva para liderar, onde debería implicarse a toda a comunidade universitaria, con consultas directas aos centros, grupos de investigación, exvicerreitores, e un longo etcétera de persoas. O produto final sería distinto, abordando prioridades de internacionalización ou especialización de Campus entre outros. Como entende que o plan non é nocivo, a súa postura será de abstención. Jacobo Porteiro indica que se fixo moita labor de contacto pero que se toparon con certo descreimento respecto do plan. Pensa que participou quen debía facelo e, ao mellor, iso é o que habería que preguntarse, pola falta de interese da comunidade universitaria. O reitor cre que o plan estaba aberto a todas as persoas e agradece a Jacobo Porteiro e Elena Rivo en particular o seu inmenso traballo. Alégrase da intervención de Emilio Fernández e o invita a mellorar este proceso, ou coa persoa en quen delegue. Manuel Diz entende que na comisión de seguimento o alumnado pode facer achegas e o venres aprobaron un novo obxectivo para que se inclúa. Remitírase á Secretaría Xeral. O reitor agradece a intervención e se remite ao que decidirá a comisión de seguimento.

O resultado da votación é o seguinte:

A Favor: 35

En contra: 0

Abstencións: 4

Apróbase por maioría o plan estratéxico.

6. Aprobación, se procede, da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado para o curso 2021/22.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen expón e explica o seguinte cadro:

Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)			Porcentaxe
R.1. Cargos Académicos	R.1.1	Reitor/a	100%
	R.1.2	Vicerreitor/a, Secretario/a Xeral	75%
	R.1.3	Comisionado/a, Delegada/o na CiUG, Valedor/a Universitario/a	62.5%
	R.1.4	Decano/a e Director/a	50%
	R.1.5	Director/a de Área	37.5%
	R.1.6	Director/a de Departamento	18.75%
	R.1.7	Vicedecano/a, Subdirector/a e Secretaria/o Centros	18.75%
	R.1.8	Secretaria/o, Subdirector/a, Xefe/a Sección Dptos.	12.5%
	R.1.9	Coordinador/a Grao e Coordinador/a Máster ¹	12.5%
		R.2.1	Colaborador/a científico/a

¹ Este recoñecemento non será de aplicación aos coordinadores/as de títulos que non teñan alumnado de nova matrícula, nin aos coordinadores/as de másteres sen repercusión en POD, a non ser que a CAM acorde renunciar ao 10% do orzamento do máster (correspondente aos gastos de coordinación)

O Decreto Ley 14/2012, regula a dedicación docente do profesorado en función dos tramos de investigación, definindo tres niveis diferentes (320, 240 e 160 horas). Coa fin de reducir o impacto deste decreto, a Universidade de Vigo establece dous niveis adicionais (280 e 200 horas) e, a través da presente Normativa, limita a dedicación docente máxima do profesorado a 280 horas.

Así, de cara a fixar o nivel de dedicación docente de cada un dos membros do PDI permanente a tempo completo utilizarase a seguinte táboa, na que aparecen os axustes que a Universidade de Vigo fará con respecto ao contemplado no antedito decreto. Para calcular a dedicación de cada PDI **contabilizaranse os sexenios de investigación de convocatorias resoltas na data 31 de decembro do ano anterior ao de inicio do curso:**

	0 sex	1 sex	2 sex	3 sex	4 sex	5/6 sex
≥ n-7	320→ 240/280*	240	240→ 200	160	160	160
n-8	320→ 280	320→ 240	320→ 240	320→ 200	320→ 160	
n-9		320→ 280	320→ 280	320→ 240	320→ 200	
n-10				320→ 280	320→ 240	
≤ n-11				320→ 280	320→ 280	

*Para 0 sexenios, ano do primeiro contrato permanente: de n-3 a n → **240**; de n-7 a n-4 → **280**.
n: ano de inicio do curso académico

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado explica que, na liña sinalada en negra na parágrafo anterior, engádese este ano que se contabilizarán ademais os sexenios de transferencia de coñecemento de solicitudes resoltas antes do 31 de decembro do ano anterior ao inicio do curso. Todos os cambio foron aprobados en mesa de negociación en na COAP. En canto aos sexenios de transferencia, o vicerreitor expón os datos dos pagos efectuados, segundo os períodos e as diferentes categorías de profesorado, así como a súa repercusión no POD e o custo da mesma para a Universidade.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da convocatoria dunha praza de catedrática/o de Universidade na área de Dereito internacional privado, no campus de Ourense, correspondente á OEP do ano 2020.

O reitor lembra que se trata dunha aposta para captar un decano ou decana comisario/a para a Facultade de Relacións Internacionais do Campus de Ourense. Cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón os criterios para a elaboración das OPE do PDI na UVigo, aprobados no Consello de Goberno do 20 de marzo de 2019. En primeiro lugar, convocaranse as prazas definidas polas diferentes leis aplicables no ano obxecto da oferta en forma de reservas e taxas adicionais para colectivos específicos. Das prazas restantes, a Universidade de Vigo poderá facer uso de ata un máximo do 10% para atender necesidades e intereses institucionais estratéxicos adecuadamente xustificadas, como é o que sucede no caso presente. A saída da praza prodúcese unha vez baleirada a listaxe de acreditados e simplemente supón adiantar a saída dunha a cátedra correspondente á OPE do 2021. Foi aprobada por asentimento na mesa de negociación e na COAP.

Emilio Fernández comenta que a xustificación deste punto lle parece mellorable, aínda que non cuestiona aos posibles candidatos á praza, dado que coñece a unha persoa moi valiosa como posible candidata, pero pregunta se non hai xente preparada na nosa Universidade para afrontar esta titulación. O reitor prefire non falar de candidatos posibles, xa que se trata dun concurso público. Haberá que agardar a que o concurso se resolva, pero lembra que as titulacións que foron mellor na Universidade son as que se encargaron a persoas que viñeron de fora, aínda que tamén podemos atopar xente da casa, se non houbera oportunidade de facer unha fichaxe internacional. Trátase de captar talento e neste caso foi apoiado pola mesa de PDI. Agradece a intervención de Emilio en favor da política de captación. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado indica que as áreas implicadas non teñen folgura e que espera seguir captando profesorado de gran nivel. Lembra que, por exemplo, a profesora Inma Valeije foise recentemente á USC a montar unha nova titulación.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do manual do programa Docentia.

O reitor cede a palabra ao director da Área de Calidade, Joaquín Collazo, que expón en primeiro lugar os antecedentes:

Datos de entrada

- Informe de Seguimento do programa da Uvigo
- Enquisa de satisfacción co programa Docentia
- Informe de ANECA

Análise

- Sustentabilidade: Complexidade do traballo dos solicitantes. Numerosas renuncias durante o proceso.
- Acollida do programa: Insatisfacción do profesorado avaliado.
- Consecuencias: Non se desenvolven consecuencias das avaliacións.
- Sistematización das convocatorias: carga de traballo elevada.

En canto á creación e o percorrido da comisión, decídese crear unha comisión no Claustro (18/10/2018) para a modificación do programa:

- Formada por 12 persoas: están representadas todas as principais figuras docentes, os tres campus e os catro ámbitos de coñecemento. Tamén hai representación do alumnado.
- Empeza a traballar en febreiro de 2019.
- Celébranse 5 sesións.
- Acádanse acordos que conducen á modificación do manual.

Polo que se refire ás novidades:

- Desaparece a avaliación anual:
 - Informes institucionais da actividade docente: recompilación de evidencias e indicadores (BBDD e EAD)
 - Informe de actividade do PDI sen valoración global.
 - Evitar confusións entre Avaliación quinquenal e Avaliación anual (non recoñecida fóra da Uvigo)
- Redución dos indicadores de 67 a 26 ítems
 - Indicadores exclusivamente do ámbito docente.
 - Redución da información solicitada ós centros: pásase de 26 a 5 ítems.

Estrutura: 5 dimensións

- As dimensións I, II e III son básicas ou esenciais e están directamente relacionadas coa actividade docente
- As dimensións IV e V son relativas a outros méritos docentes e complementan as dimensións básicas

I. Planificación da Docencia: 30 puntos

II. Desenvolvemento do Ensino: 35 puntos

III. Resultados: 35 puntos

IV. Formación e Innovación: 10 puntos

V. Outros méritos: 10 puntos

Expón tamén o peso de cada dimensión desagregado pola súa fonte de datos.

En canto ao autoinforme, expón o seguinte:

- Simplificación do autoinforme e do cartafol docente.
- Un único documento.
- Redúcese a complexidade: pasa de 14 elementos a 3 dimensións.

Polo que se refire ás cualificacións, se contemplan as seguintes:

- Excelente $\geq 85\%$ dim esenciais ou $\geq 80\%$ dim esenciais e ≥ 5 ptos méritos docentes
- Notable $\geq 65\%$ dim esenciais ou $\geq 60\%$ dim esenciais e ≥ 5 ptos méritos docentes
- Favorable $\geq 50\%$ dim esenciais
- Desfavorable $< 50\%$ dim esenciais ou $< 40\%$ nalgunha dimensión esencial

Finalmente, entre as consecuencias están:

- Recoñecer a actividade docente excelente do profesorado mediante un certificado.
- Valorar a actividade docente avaliada positivamente como mérito para:
 - Os concursos de méritos para a provisión de prazas de figuras estables de profesorado.
 - Obter a condición de profesorado emérito.
 - Obter a concesión de períodos sabáticos.
 - Participar como avaliador/a no programa Docentia
- Obter valoración positiva na avaliación da actividade docente (quinquenios).
- Establecer indicadores relativos ao financiamento variable de centros y departamentos en función dos resultados de docentes avaliados.
- Diseñar plans de mellora individualizados, adecuados ás necesidades detectadas e en función da dimensión na que se detecten as carencias, de tal forma que o seu seguimento lles permita mellorar.
- Propoñer accións formativas incluídas no plan de formación permanente do profesorado, a partir dos informes institucionais co fin de mellorar debilidades atopadas.

O texto foi aprobado na mesa de PDI.

Iñigo Cuiñas sinala que en todo o que ten que ver cos cursos de innovación non se valora a impartición, só a asistencia, o que lle sorprende. Joaquín Collazo sinala que estaba recollido inicialmente, pero que revisará o documento, dado que puido haber cambios en sucesivas versións e que se incluírá. Iñigo Cuiñas comenta sobre as consecuencias que aparecen no Manual e transmite a pregunta relativa aos quinquenios, que entende deberían ligarse a Docentia, tal e como aparece no documento, para que non teña que informar a Xunta de Centro, o que ve pouco acaído. Pensa que é boa idea recoñecer a excelencia cun certificado e que podería darse con efecto retroactivo. O reitor está de acordo coa intervención de Iñigo Cuiñas, pero que debe propoñerse unha puntuación á impartición dos cursos de innovación. Pensa que o procedemento queda simplificado

e confía en que a ANECA o aprobará. Joaquín Collazo aclara que se prevía unha décima de punto por curso na UVigo. O reitor e Iñigo Cuiñas están de acordo. Joaquín Collazo entende que non varía a puntuación. Carmen Ruiz Hidalgo amosa a súa preocupación polo tema das evidencias e da motivación das cualificacións e que as enquisas do alumnado poden variar segundo a complexidade das distintas materias. Insiste en que debe aclararse ben de que dependerá a obtención da nota polo profesorado, en particular, a nota de excelente. Joaquín Collazo responde que no Manual vai unha idea de como debe ser a cualificación e que despois debe desenvolverse na guía docente e que despois será valorada polo centro. Carmen Ruiz entende que na aplicación só se permite facer a guía a unha persoa pero Joaquín Collazo pensa que pode haber un acordo previo entre o profesorado implicado. Comenta así mesmo que tamén figura na orde do día a enquisa docente. Aclara tamén o relativo a autoavaliación. Carmen Ruiz insiste nos problemas reais que pode plantear o modelo. O director de Área de Calidade comenta que o aspecto relativo as enquisas será tratado no punto seguinte, no que se seguiron as directrices da ANECA. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado comenta que someterse ao programa Docentia é voluntario.

O reitor agradece a labor dos participantes e das mesas de negociación e pide a aprobación por asentimento.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, do modelo e as especificacións da enquisa de avaliación docente.

O reitor cede novamente a palabra ao director da Área de Calidade, Joaquín Collazo, que expón en primeiro lugar os antecedentes:

Principais Novidades da Enquisa de Avaliación Docente (EAD)

- Modificación do modo de realización: De presencial a virtual
- Programa Piloto
- Aliñamento co Programa Docentia

Modificación das Especificacións



- Tratamento das respostas
- Cálculo de dimensións
- Cálculo das valoracións globais: Incluir horas de docencia

Criterios para facer a enquisa no 2C do curso 19/20

- O profesorado imparte a todos os alumnos matriculados (limitación técnica)
- O profesorado da o seu consentimento expreso para que se faga a enquisa
- No gráfico de participación compárase o resultado do curso 19/20 co do curso 18/19 nos casos nos que se repite o binomio materia-profesor/a.




UNIVERSIDADE
DE VIGO



- O promedio da Uvigo (2C) para o curso 2018/19 é de 3.83
- O promedio da Uvigo (2C) para o curso 2019/20 é de 3.86

- No gráfico de participación compárase o resultado do curso 19/20 co do curso 18/19 nos casos nos que se repite o binomio materia-profesor/a.



Polo que se refire ás dimensións:

- As dimensións engloban as cuestións do cuestionario
- Utilizadas para o cálculo da valoración global
- Aliñamento co Docencia: empréganse as dimensións utilizadas en Docencia
- Ponderacións das dimensións:

∅ Planificación: 30 ptos

∅ Desenvolvemento: 35 ptos

∅ Resultados 35 ptos

- Valorado no programa Docencia: Ata un 30% da valoración

En canto ás metodoloxías e dimensións son as seguintes:

1. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (Materia).
2. A coordinación entre o profesorado da materia é axeitada (Materia).
3. O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia (Materia).
4. As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia (Planificación).

5. Os recursos didácticos facilitados e recomendados son útiles (Planificación).
6. As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente (Desenvolvemento).
7. Orienta e resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (Desenvolvemento).
8. As probas e as actividades para a avaliación favorecen o meu aprendizaxe (Resultados).
9. Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente (Resultados).
10. En xeral, estou satisfeito co seu labor docente (Resultados).

Conclúe expoñendo asemade as fórmulas de cálculo de valoración parcial de un docente nunha materia, así como o cálculo das valoracións globais.

Iñigo Cuiñas comenta que hai certas carencias no documento e que lle falta un título, encabezado, etc... Joaquín Collazo entende que o documento podería estar máis elaborado e que a valoración será de 1 a 5. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado comenta que se aproba un novo modelo de enquisa e que o sistema de valoración aparece xa no Manual Docencia que acabamos de aprobar. Hoxe aprobamos o modelo da enquisa e no primeiro cuadrimestre faremos un plan piloto da enquisa que se pasaría á volta de vacacións.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da modificación do nome da Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

O reitor comenta que está presente a decana do centro e que se trata dunha verdadeira facultade, que conta cun grao e cun mestrado moi potente na Universidade. A proposta foi por unanimidade da xunta de centro e informada positivamente polo Claustro por asentimento. Sorprendeuse de que non se fixera antes.

A decana, Consuelo Currás Valle, fai referencia á memoria adxunta e fai unha breve semblanza do centro, que celebrará o seu centenario, como xermolo da Universidade de Vigo. Expón as distintas titulacións que oferta o seu centro, todas con demanda sostida e que contan coa correspondente acreditación. Compara a situación coa de outras facultades de comercio do panorama nacional, así como a creación doutras facultades na propia Universidade de Vigo. A proposta foi aprobada por unanimidade da escola en Xunta e seguiu todo o procedemento.


Apróbase por asentimento o cambio de denominación.

11. Aprobación, se procede, da creación do centro interuniversitario de matemáticas.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, que pasa a expoñer as características deste centro, que substituirá ao actual ITMATI e que foi informado positivamente por asentimento no Claustro Universitario.

O obxectivos básicos son os seguintes:

- Compartir visión e estratexia para aproveitar a capacidade e a reputación actual das matemáticas galegas, creando unha entidade de I+D sostible, con relevante impacto académico, social e económico.
- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas das tres universidades nunha axenda científica común, aliñada cos retos globais definidos polo Programa Marco Europeo (Horizon Europe), a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e a RIS3 de Galicia.
- Rentabilizar a experiencia organizativa e colaborativa do ITMATI e o seu impacto e o seu equilibrio interinstitucional actual asegurando a eficiencia nos procesos de transferencia e o obxectivo de converter os progresos na axenda científica en impacto social e económico.
- Compartir visión e estratexia para aproveitar a capacidade e a reputación actual das matemáticas galegas, creando unha entidade de I+D sostible, con relevante impacto académico, social e económico.
- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas das tres universidades nunha axenda científica común, aliñada cos retos globais definidos polo Programa Marco Europeo (Horizon Europe), a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e a RIS3 de Galicia.
- Rentabilizar a experiencia organizativa e colaborativa do ITMATI e o seu impacto e o seu equilibrio interinstitucional actual asegurando a eficiencia nos procesos de transferencia e o obxectivo de converter os progresos na axenda científica en impacto social e económico.



Investigadores/as adscritos a:	UdC	USC	UVigo	Total
Departamento universidades	57	117	51	225
Outros centros propios	CITIC		CINBIO	
Permiten a dobre adscripción?	Si	Si	Si	
Investigadores/as adscritos a ITMATI	14	21	7	42
Núm. potencial de investigadores/as que se adscribirían a IMAGA				

Garante/PI	M ₄ . Ciencia y conocimiento			M ₄ . Sociedad digital			M ₄ . Vida y sostenibilidad			M ₄ . Competitividad industrial		
	PI.1	PI.2	PI.3	PI.1	PI.2	PI.3	PI.1	PI.2	PI.3	PI.1	PI.2	PI.3
Area Carracedo, I.												
Bermúdez de Castro López-Varela, A.												
Brozos Vázquez, M.												
Cabada Fernández, A.												
Cadaro Suárez, C.M.												
Casas Miras, J.M.												
Crujeiras Casais, R.M.												
Fernández García, J.R.												
García Jurado, I.												
García Río, E.												
Gómez Tato, A.M.												
González Manteiga, W.												
González Rodríguez, R.												
Ladra González, M.E.												
Liz Marzán, E.												
Nieto Roig, J.J.												
Pardo Fernández, J.C.												
Prieto Aneiros, A.												
Roca Pardiñas, J.												
Rodríguez Arós, A.D.												
Viaño Rey, J.M.												




Ilustración 1 Organigrama de Dirección y Gestión

En canto aos obxectivos estratéxicos do centro, son os seguintes:

- OE1. Crear cultura de centro.
- OE2. Poñer en funcionamento e organizar o CITMAGA.
- OE3. Desenvolver ciencia de excelencia multidisciplinar e competitiva.
- OE4. Apoiar o desenvolvemento profesional de profesionais competentes.
- OE5. Contribuír a crear as novas xeracións de persoal científico en matemáticas
- OE5. Contribuír a resolver os retos da sociedade do século XXI.

- OE6. Facer partícipe á sociedade nos avances científicos.

Os garantes todos son varóns, e debería progresarse na igualdade de xénero. A Xunta enviou un documento coas características que deben cumprir os centros. O reitor pensa que é unha boa nova e pide a aprobación por asentimento.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, do nomeamento de D^a. María Luz Loureiro García como investigadora honorífica da Universidade de Vigo.

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación, quen expón en primeiro lugar a base do regulamento de investigadores honoríficos, segundo o cal:

- Poderán acceder á condición de investigador/a honorífico aqueles profesionais que desempeñen a súa actividade principal fóra da Universidade de Vigo e que colaboren con esta para realizar actividades ocasionais de investigación, así como para impartir conferencias e cursos que complementen as ensinanzas universitarias.
- En ningún caso o desempeño da actividade propia do investigador/a honorífico computará como actividade docente normalizada pola Lei orgánica de universidades.
- En todo caso, a condición de investigador/a honorífico será incompatible con calquera vinculación laboral o contractual coa Universidade de Vigo.

A continuación, sinala os principais méritos de María Luz Loureiro García.

- Novembro 2019: o grupo ECO-IURIS, do que María Loureiro García é investigadora principal, incorpórase a ECOBAS.
- outubro 2020: o comité de dirección de ECOBAS nomea a María Loureiro García directora científica de ECOBAS e solicita a adscrición á Universidade de Vigo.
- Catedrática no Departamento de Fundamentos de Análises Económico da USC.
- Máis de 90 publicacións internacionais (American Journal of Agricultural Economics, Energy and Resource Economics, Environmental and Resource Economics, European Review of Agricultural Economics, Oxford Bulletin of Economics and Statistics e Land Economics).
- HCR en 2013 e na listaxe do top 5 % Economists de IDEAS-REPEC, novembro 2020
- (Google Scholar h=39; Scopus h=28).
- Xunta directiva da European Association of Environmental and Resource Economics (EAERE).
- Comité editorial de varias revistas indexadas.
- Revisora/colaboradora para o programa H2020, o Ministerio de Educación alemán (2017), a Axencia Estatal de Investigación (varios anos), ANECA (varios anos), a Academia de Ciencias de Finlandia (varios anos) e o programa OPORTUNIUS-GAIN (Xunta de Galicia), entre outros.



Apróbase por asentimento.

13. Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios: 2 PDI por ámbito de coñecemento; 3 estudantes; 1 PAS.

Non se presentaron candidaturas, polo que non é preciso facer eleccións.

14. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico, 1 estudante do ámbito de Humanidades, un estudante do ámbito Xurídico-social.

Presentou a súa candidatura Tamara Fernández Arias polo sector estudantes no ámbito xurídico-social. Non hai que facer eleccións.

Queda elixida Tamara Fernández Arias

15. Elección dos representantes de estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 representante.

Non se presentaron candidaturas, polo que non é preciso facer eleccións.

16. Quenda de intervencións.

Intervén Emma Torres Romay para comentar sobre a comisión de reclamacións, que pensa manexan procesos moi longos de cara á contratación de profesorado. Manifesta a súa preocupación pola participación dos docentes en certos cargos de xestión como é o de coordinador/a de grao, dado que o seu recoñecemento docente é mínimo. O reitor da a benvinda aos novos membros do Consello de Goberno. Tratará de estudar o asunto dos recoñecementos. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado indica que o asunto dos recoñecementos estudarase e que o problema da cobertura de prazas refírese sobre todo ás prazas a tempo completo, que xa saen polo procedemento de urxencia, pero a partir de agora sairán sempre para o segundo cuatrimestre, dado que os prazos non se poden acelerar máis.

O reitor remata falando do acontecido ao longo deste curso tan especial e agradece os esforzos ao alumnado e, en particular, aos seus representantes. Agradece tamén ao PAS e ao PDI. O éxito da Universidade nesta situación dará rendementos de cara ao futuro.

Desexa Boas Festas neste Nadal raro.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:55 h. do día 21 de decembro de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral